



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Jose M. Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Victor Cardador González
D. Jose Cidrás Pidre
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor Man. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a. ascensión Muñoz del Barrio
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano Pérez-Mtnez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Suris Regueiro
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Xoán Xosé Santamaría Conde
D. Cándido Pérez Betanzos

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do oito de novembro de mil novecentos noventa e nove, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

O luns día **8 de novembro de 1999**, ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (13.09.99 e 7.10.99)
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, visitantes, transformacións e permisos. Informe e acordo sobre profesores PP1.
- 4º.- Aprobación, se procede, dos seguintes masters: Curso Superior de Loxística, IV Mestrado en Organización e Dirección Turística, Curso Superior de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Socio-Sanitarios, II Mestrado de Educación e Terapia da Linguaxe, Curso de Especialización en Atención Temperá, II Mestrado en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais. Validación académica do Mestrado en Desenvolvemento Local e Rural.
- 5º.- Aprobación, se procede, do Regulamento dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira.
- 6º.- Aprobación, se procede, da autorización de matrícula de materias extinguidas consonte a planos renovados.
- 7º.- Adscrición da área "Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial" ó departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- 8º.- Aprobación, se procede, do regulamento da Biblioteca Universitaria.
- 9º.- Aprobación, se procede, dos Estatutos da Fundación "*Centro Tecnolóxico do Mar*".
- 10º.- Convocatoria de proxectos de investigación en temas medioambientais.
- 11º.- Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno de residencias.
- 12º.- Aprobación, se procede, do regulamento de voluntariado.
- 13º.- Aprobación, se procede, da proposta para ser membro fundador da Fundación para o fomento e promoción da innovación, investigación e desenvolvemento da industria da automoción de Galicia.
- 14º.- Validación de expedientes de gasto.
- 15º.- Nomeamento dos membros do Comité de Avaliación e Calidade.
- 16º.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Actividades Culturais e Deportivas (artigo 254 dos Estatutos)
- 17º.- Elección para cubrir postos vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Ordenación Académica e Validacións (1 vacante no sector PDI), Comisión de Investigación (1 vacante no sector de estudantes), Comisión de Extensión Universitaria (1 vacante no sector PDI).
- 18º.- Rogos e preguntas.

Punto 1.

Acta 13-9-99. O Vicerrector de Organización Académica explica un erro existente na páxina 20 da normativa de elaboración e modificación de planos de estudio: no apartado 1.1. debe dicir "... o número de orientacións e/ou itinerarios que se permita implantar efectivamente será, en xeral e dependendo do número de matrícula media da titulación correspondente segundo se indica no punto 4 deste apartado, o seguinte:" ...

O profesor Pérez Amor di que a proposta de considerar unha maioría cualificada nas Xuntas de Titulación en lugar de maioría simple, é do profesor Tojo e do profesor Pérez Amor.

Sométese a acta a aprobación:

votos a favor	31
votos en contra	0
abstencións	5

Apróbase.

O profesor Pérez Amor quere facer constar que se abstén porque di que, na súa opinión, pediu quorum cando foi votado o documento sobre planos de estudos.

Acta 7-10-99. Apróbase por asentimento.

No punto 2, o Rector informa sobre:

- as informacións do Ministerio de Educación sobre as condicións dos profesores asociados e contratados e recoñecemento de diversos complementos. Non hai noticias sobre a aceptación por parte da Xunta.

- a posta en marcha da axencia da calidade en Galicia, por iniciativa da Xunta, coa sinatura dun convenio cos rectores.

- a apertura dunha "sección" da diplomatura de Empresariais na Universidade da Coruña, no Campus de Ferrol.

- as incidencias ó comezo do curso na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra e na Escola de Enxeñería Técnica Industrial en Vigo.

Por último fai un resumo das negociacións mantidas coa Consellería de Educación en relación co plano de financiamento e responde en conxunto ás observacións dos profesores Outes, Pose, Reigosa e Pérez-Amor.

Por ausencia momentánea do Rector preside a sesión o Vicerrector de Investigación.

Punto 3. Asuntos de profesorado.

* Prazas BOE. Apróbanse por asentimento as seguintes:

H05	490	TIT-UN	Ourense	María López Díaz
T11	785	TIT-UN	Vigo	Mª José Moure Rodríguez
T11	785	TIT-UN	Vigo	Jesús Doval Gandoy
X10	735	TIT-EU	Ourense	---
C02	055	TIT-UN	Vigo	Nieves Redondo Álvarez
T05	065	TIT-UN	Vigo	Mª Julia Cristobal Ortega
T08	385	TIT-UN	Vigo	Josefa García Sánchez
T12	800	CAT-UN	Vigo	---
H03	370	TIT-EU	Vigo	Amparo Solla González
H03	370	TIT-UN	Vigo	Burghard Baltrusch
H03	370	TIT-UN	Vigo	Anxo Lorenzo Suárez
X08	415	TIT-UN	Vigo	María Montero Muñoz
X08	415	TIT-UN	Vigo	José María Martín Moreno

* Visitantes:

Apróbanse por asentimento, as seguintes prazas propostas polo Departamento de Física Aplicada:

- D. Javier Mosquera Sueiro, coa categoría de TIT-EU (2h/s), no Departamento T08 de Física Aplicada, do 28-10-99 ó 30-09-00.
- D. Luis Lorenzo Esperante, coa categoría de TIT-EU (2h/s), no Departamento T08 de Física Aplicada, do 28-10-99 ó 30-09-00.
- D. Pedro Ribera Rodríguez, coa categoría TIT-EU (4h/s), no Departamento T08 de Física Aplicada, do 28-10-99 ó 30-09-00.

No referente á proposta do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo, de contratar como profesora visitante a Dª Emilia Díaz Losada (que fora rexeitada na anterior Xunta de Goberno), o Vicerrector de Profesorado explica que a documentación aportada con posterioridade foi considerada pola Comisión de Docencia suficiente para dar o informe favorable a esta contratación.

O profesor Reigosa recorda o acordo que figura na acta da sesión anterior.

Os profesores Durany e R. Berrocal coinciden na necesidade de aclarar a normativa sobre visitantes.

O profesor Cidrás considera que unha figura máis axeitada para este caso sería a de asociado "sen requisitos" e advirte da posible contradicción co acordado na anterior Xunta de Goberno.

O profesor R. Berrocal di que debe aprobarse esta contratación tendo en conta outros precedentes.

Sométese a votación. O profesor Reigosa desexa que conste en acta que non participa na mesma.

Votos a favor 18
votos en contra 1
Abstencións 8

Cidrás pide que conste a súa abstención polas razóns expostas.

* Transformacións. Apróbanse por asentimento as seguintes:

C01	660	Santiago Pascual del Hierro	de PP2 a TUI
X03	160	Belén Sánchez Ramos	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T10	595	Ana Vieites Rodríguez	de PP1 a PP2
C02	055	Josefina Álvarez Andrés	de PP2 a TUI

* Apróbase por asentimento a concesión dun permiso á profesora Dolores Ferrero Martínez , dende o 25-11-99 a 25-02-00.

* No referente o tema relativo ós profesores PP1, o Vicerrector de Profesorado explica a proposta que figura na documentación.

O profesor Durany di que a saída a concurso que aparece no punto III.1 debe facerse de acordo coas normas de organización vixentes nese momento.

Apróbase por asentimento a seguinte proposta:

1. As prazas correspondentes ós profesores transformados en Asociados T2-TC sairán a concurso (non de PP1) no primeiro concurso de profesorado do vindeiro curso académico 00/01 (previsto para maio do 2000), no caso de que os ditos profesores aínda non tivesen depositado ou lido a Tese de Doutoramento antes do 31 de marzo do 2000.

As prazas mencionadas sairán a concurso sempre que se adapten ás normas de organización docente vixentes nese momento.

2. Ós profesores PP1 que rematan o contrato nesta categoría o 30-09-99 e que aínda non depositaron ou leron a Tese de Doutoramento, aplicaráselles o acordo reflectido da Xunta de Goberno do 23-10-98.

Punto 4. O Vicerrector de Organización Académica fai un informe sobre os cursos e masters presentados. Explica que no II Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais, debe corrixirse a folla de previsións de ingresos quedando como figura no anexo I. Indica que quedaría pendente a aprobación no Claustro dos que se imparten na súa primeira edición que son o I Curso Superior de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Sanitarios e o I Curso de Especialización en Atención Temperá: enfoque multidisciplinar.

Apróbanse por asentimento.

No **punto 5**, A Secretaria Xeral explica a proposta presentada que xa foi aprobada pola Coav. O profesor Reigosa propón que este ano se aplique con carácter retroactivo estendendo a convocatoria ós cursos académicos posteriores á publicación dos Estatutos.

Acéptase esta proposta e apróbase a normativa por asentimento.

No **punto 6**, o Vicerrector de Organización Académica explica esta proposta aprobada pola Coav e que é semellante á que hai na Universidade de Santiago para solucionar os problemas que se derivan da extinción de materias en planos de estudio parcialmente extinguidos.

O profesor Reigosa di que esta proposta arranxa problemas de paso entre planos de estudio e propón que no artigo primeiro se diga 3 materias ou 36 créditos.

O Sr. Gómez Soler agradece que se teñan recollido suxestións anteriores e concreta a proposta anterior: 3 materias anuais ou 6 cuatrimestrais ou 36 créditos. Pide que se adiante o prazo que aparece no artigo segundo.

O Sr. Martínez Cacharrón valora positivamente esta proposta e está de acordo con esa especificación das asignaturas.

O Sr. Soto pregunta como se fai a adaptación entre materias (O Vicerrector responde que se fará co cadro correspondente que ten que figurar no plano de estudos).

Apróbase a proposta por asentimento coas modificacións indicadas quedando do 15 ó 30 de novembro o prazo de solicitude (anexo II).

No **punto 7**, O Vicerrector de Organización Académica informa dun escrito do profesor Manuel Vilares Ferro, solicitando que se demore a decisión ata a integración efectiva das prazas de profesorado a concurso na área de referencia.

Retírase o punto.

A partir deste punto volve a presidir a sesión o Sr. Rector.

No **punto 8**, O Vicerrector de Investigación explica o proceso seguido para a elaboración do regulamento da Biblioteca.

Os Sres. Gómez Soler e Cardador propoñen a eliminación da frase " non é función deste servicio facilitar postos de estudio de apuntes" e considera escasos os prazos de préstamo que figuran no artigo 29.

O profesor R. Berrocal pregunta se o regulamento ten que ser aprobado no Claustro (respóndeselle que non) e di que se vai abster na votación.

O Sr. Pérez Betanzos pide que se suprima o último punto do artigo 60 relativo á posibilidade de contar con alumnos colaboradores.

A profesora López Vidal considera preferible dicir 4 meses que 3 meses no prazo para profesores e investigadores.

Varios membros da Xunta de Goberno interveñen pedindo aclaracións puntuais do texto.

O Vicerrector de Investigación responde en conxunto ás intervencións e propón a modificación dos artigos 29.6 (recollendo as suxestións sobre prazos), 60 e 28 e da disposición adicional 3º (engandindo " ou da Xunta de Goberno").

Sométese o texto a votación,

votos a favor	25
votos en contra	1
abstencións	6

Apróbase o texto coas modificacións citadas (anexo III).

No **punto 9**, O Vicerrector de Investigación indica que a redacción correcta do punto é a seguinte: Aprobación, se procede, da entrada da Universidade de Vigo na Fundación " Centro Tecnolóxico do Mar ".

O Sr. Santamaría fai a seguinte intervención sobre o artigo 26 dos Estatutos desta Fundación:

Modificación do art. 26, para a súa adaptación á lexislación mercantil aplicable:

En materia de Contabilidade, as Institucións están suxeitas ao plano de Contabilidade Pública as de carácter público.

Para as entidades privadas mercantís, civís, cooperativas, empresarios individuais, etc. é de aplicación o Plano Xeral de Contabilidade. Por outra parte a normativa tributaria remite ao resultado económico como elemento para determinar a base imponible, cos axustes que procedan.

En consecuencia o art. 26 podería quedar redactado, máis o menos así:

"En la gestión económico-financiera de la Fundación se regirá de acuerdo con los principios, criterios contables y normas de valoración determinados por la normativa contable vigente.

La Fundación llevará aquellos libros convenientes para el buen orden y desarrollo de sus actividades, así como para el adecuado control de su contabilidad. Será en todo caso necesario formular y llevar los siguientes libros:

- a) Libro de Actas*
- b) Libro Diario*
- c) Libro de Inventarios y Cuentas Anuales*
- d) Informe de Gestión*

e) Presupuestos y su liquidación

Observaciones:

La memoria Social forma parte integrante de las Cuentas Anuales.

La normativa aplicable está contenida en el Título III del libro I del Código de Convenio (arts .25 a 41) y por el R. Dto. 1643/1990 (BOE 27.12.90).

O profesor Reigosa di que o representante da Universidade de Vigo debe ser o Vicerrector de Investigación e pide que poida actuar como suplente o Vicedecano da Titulación de Ciencias do Mar da Facultade de Ciencias.

Apróbase a proposta por asentimento.

No **punto 10**, O Vicerrector explica o contido desta convocatoria aprobada pola Comisión de Investigación.

O profesor R. Berrocal di que falta precisar a contía e que se debe limitar a contía dos proxectos. Considera ademáis que a convocatoria debe ser incompatible cos proxectos da convocatoria xeral (O Vicerrector responde que esta precisión vai figurar na próxima convocatoria xeral).

Sométese a proposta a votación:

votos a favor	20
votos en contra	0
abstencións	5

Apróbase.

No **punto 11**, apróbase por asentimento o regulamento de réxime interno de residencias, despois de que o Sr. Gómez Soler indicara que no artigo 21 debe eliminarse a letra ñ.

No **punto 12**, o Vicerrector de Extensión Universitaria presenta a proposta. Despois da intervención do Sr. Gómez Soler que está en desacordo con partes desta proposta e que opina que é necesario definir con máis detalle que se entende por voluntariado e cales son os seus fins e obxectivos, acórdase retirar este punto da orde do día ata unha vindeira Xunta de Goberno.

Punto 13, apróbase por asentimento.

Punto 14, apróbase por asentimento.

Punto 15.A proposta presentada polo equipo rectoral para formar parte do Comité de Avaliación e

Calidade da Universidade de Vigo é a seguinte,

sector profesorado:

Manuel Varela Lafuente (Fac. CC.EE. e EE, Vigo)
 Armando Caballero Rúa (Fac. Ciencias, Vigo)
 Mercedes Suárez Pazos (Fac. Humanidades, Ourense)
 David Santos Mejía (Telecomunicación, Vigo)

votación:

a favor	18 votos
en contra	0 votos
abstencións	3

sector pas:

Luis Pérez Gómez (Fac. Humanidades ,Ourense)
 Antonio Rotea Villanueva (Rectorado, Vigo)

votación:

a favor	20 votos
en contra	0 votos
abstencións	3

Queda pendente para a seguinte Xunta de Goberno o nomeamento dos catro representantes dos estudantes.

Punto 16. Neste punto, o profesor Reigosa di que as funcións da Comisión prevista no artigo 254 dos Estatutos poden ser asumidas pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada da Xunta de Goberno.

Apróbase esta proposta por asentimento.

O sr. Martínez Cacharrón roga ós membros das Comisións que asistan ás reunións e que traballen.

Punto 17. Para a Comisión de Ordenación Académica e Validacións (sector PDI) preséntanse as candidaturas dos profesores D. José Tojo Suárez e D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.

Faise votación secreta sendo o resultado o seguinte :

D. José Tojo Suárez	2 votos
D. Enrique Valero	11 votos
en branco	5 votos

Pasa a formar parte da Coav o profesor D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.

Non houbo candidaturas para a Comisión de Investigación nin para a Comisión de Extensión Universitaria.

Punto 18. Rogos e preguntas.

O Sr. Cardador roga que se tomen medidas para que a festa de "San Teleco" non ocasione disturbios en Industriais. Roga tamén que se pinte o paso de cebra diante da Escola de Industriais.

O Sr. Martínez Cacharrón pregunta se houbo resolución sobre a concesión dos locais para asociacións (O Rector responde que sairá pronto unha resolución rectoral sobre o uso dos espazos no edificio de Fundación). Roga que se estudie a sinatura dun convenio coa asociación de libeiros de Galicia e cos empresarios de cine para rebaixar os prezos dos libros e das entradas ó cine ós universitarios.

O Sr. Gómez Soler pregunta se os problemas do novo edificio de Peritos e Empresariais, en concreto o problema dos pupitres están xa solucionados. Roga que non se demore a aprobación das novas normas de xestión académica. Pregunta porque se están a vender nas repografías os anuarios do estudante da editorial Nigra.

O profesor Mazaira roga ós membros da Xunta de Goberno que expresen as súas opinións sen presionar nen ameazar os restantes membros.

O profesor Reigosa pide que as festas dos Centros se circunscriban o seu ámbito. Roga que se arranxe o problema das materias optativas en Ciencias do Mar.

O profesor Pérez Amor quere que consten na acta os seguintes rogos:

1.- Ruego conste en Acta que la Normativa de Elaboración de Planes de Estudio no fue aprobada conforme al Artículo 13 del Reglamento de Régimen Interno de la Junta de Gobierno al no estar presentes en el momento de la votación final, ocurrida en la Junta de Gobierno del pasado 13 de septiembre , la tercera parte de sus miembros.

2.- Ruego conste en Acta mi preocupación por el hecho de que, ante un debate con tanta incidencia en el aspecto académico y tan importante con respecto a la calidad docente de la que tanto se alardea últimamente. haya sido masiva la dejación de obligaciones de la mayoría de miembros de esta Junta.

O Sr. Álvarez Moreira e o Sr. Santamaría (o segundo en representación de FETE/UGT) formulan o que segue:

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19:30 horas do día 8 de novembro do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector :

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo